

COMO CITAR E FACER BIBLIOGRAFÍAS

SEGUNDO A ISO 690:2010

Xuño de 2016




Foto: Héctor Santos-Díez

| | |
|---|-----|
| Sistemas de cita coa norma ISO 690:2010: | .4 |
| Como citar as palabras dunha fonte de información: | .5 |
| Ordenación alfabética de referencias bibliográficas: | .6 |
| Como se redactan as referencias bibliográficas: Norma ISO 690:2010(E) | .6 |
| • LIBROS E RECURSOS MONOGRÁFICOS: | .7 |
| Monografías | .8 |
| Libros electrónicos e monografías en liña | .8 |
| Teses de doutoramento e traballos fin de estudos non publicados | .8 |
| Teses de doutoramento e traballos fin de estudos electrónicos | .8 |
| Normas | .8 |
| Bases de datos e programas informáticos | .9 |
| Sitios Web..... | .9 |
| Películas..... | .9 |
| Películas en liña | .9 |
| Mapas en liña | .9 |
| Imaxes dixitais | .9 |
| • CONTRIBUCIÓN NUN LIBRO OU RECURSO MONOGRÁFICO | .10 |
| Contribución en monografías, entradas de obras de referencia e relatorios de congresos | .10 |
| Contribucións de libros electrónicos e monografías en liña | .11 |
| Artigos da Wikipedia | .11 |
| • PUBLICACIÓN SERIADA COMPLETA OU UN NÚMERO COMPLETO | .11 |
| Publicaciones seriadas enteiras impresas. | .11 |
| Publicaciones seriadas electrónicas completas..... | .12 |
| • CONTRIBUCIÓN NUNHA PUBLICACIÓN SERIADA | .12 |
| Artigos de revistas ou publicación seriada impresa | .12 |
| Artigos de revistas electrónicas..... | .12 |
| Lexislación | .13 |
| Patentes..... | .13 |
| • MENSAXES ELECTRÓNICAS, LISTAXES DE DISCUSIÓN, FOROS: | .13 |
| Foros de discusión, Boletíns de noticias..... | .13 |
| Correos electrónicos específicos distribuídos por boletíns de noticias, foros ou listaxes | .14 |
| Correos electrónicos persoais | .14 |
| Tweets | .14 |
| Como redactar referencias de partes:..... | .15 |
| • PARTES CON ENTIDADE:..... | .15 |
| Artigos de revistas | .15 |
| Relatorios de Congresos, Capítulos asinados en obras colectivas | .15 |

| | |
|---|----|
| Artigo ou parte dun sitio web..... | 15 |
| Entradas con autoría diferenciada en Obras de Referencia, Dicionarios | 15 |
| • PARTES SEN ENTIDADE:..... | 16 |
| Volumes, capítulos de libros de autor único... | 16 |
| Imaxes, subficheiros, táboas, gráficos..... | 16 |
| Entradas sen autoría diferenciada en Obras de Referencia, Dicionarios | 16 |
| Como citar imaxes, figuras, táboas..... | 17 |

Ao facer calquera traballo debemos citar correctamente as fontes consultadas para permitir que calquera poida acudir a elas e para evitar o plaxio.

Debe citarse sempre:

- A fonte orixinal de frases copiadas literalmente
 - A fonte orixinal de ideas ou textos doutros autores que se parafraseen ou se reproduzcan con outras palabras.
 - A fonte dos datos estatísticos, imaxes, as fontes orais...
- Non é necesario citar feitos ou datos xeralmente coñecidos.

A identificación dos documentos que consultamos realizaase a través de:

-**Citas:** son unha forma de referencia breve que pode ir entre paréntese dentro do texto, ou en superíndice que remite a un pé de páxina.

-**Referencias bibliográficas:** son o conxunto de datos que describen de forma máis extensa o documento do que se obtivo información, permitindo a súa identificación. Inclúense nunha listaxe numérica ou alfabética ao final de cada capítulo ou do traballo.

Poñemos unha cita cada vez que expoñemos ideas doutros autores e cada cita remite a unha referencia bibliográfica ao final do texto.

Estas bibliografías veñen definidas por un estándar: formatos bibliográficos. Especifican os datos que deben incluirse nas referencias, a orde, regras de transcripción e presentación da información e o modelo de cita. Existen múltiples formatos bibliográficos.

Sistemas de cita coa norma ISO 690:2010:

Sistema alfabético (Sistema nome-data)

Dentro do texto a cita é o nome do autor e o ano de publicación entre paréntese e as referencias ao final están ordenadas alfabeticamente.

Se é necesario tamén pode incluirse o número de páxina a continuación do ano. Se no texto xa se inclúe o nome do autor, na cita pódese pór só o ano da obra.

Se douce recursos teñen o mesmo creador e ano, pódense distinguir mediante letras minúsculas (a,b,c, etc.), a continuación do ano dentro da paréntese.

Cita dentro do texto:

Noutros estudos xa podíamos ver como se destacaba a diferenza numérica desta tipoloxía de muíños, "O número total de muíños de maré dos que hoxe tense coñecemento (uns 14) é moi reducido en relación cos varios miles dos hidráulicos" (**Caamaño Suárez, 2003, 380**).

Na listaxe ordenada alfabeticamente de referencias:

CAAMAÑO SUÁREZ, M., **2003**. *As construccíons da arquitectura popular: patrimonio etnográfico de Galicia*. Santiago: Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos. ISBN: 84-607-7768-5.

Sistema numérico:

Cada cita dentro do texto relaciónase coa referencia bibliográfica cun número entre paréntese ou corchetes ou superíndice, que remite á listaxe numerada de referencias ao final do capítulo ou de todo o texto, ou a unha nota ao pé.

As citas subseguientes dun recurso reciben o mesmo número que a primeira vez.

Se citamos unha parte concreta do documento pode indicarse a páxina a continuación do número de cita.

Cita dentro do texto:

Noutros estudos xa podíamos ver como se destacaba a diferenza numérica desta tipoloxía de muíños "O número total de muiños de maré dos que hoxe se ten coñecemento (uns 14) é moi reducido en relación cos varios miles dos hidráulicos" (1)

Na listaxe de referencias:

1. CAAMAÑO SUÁREZ, M. *As construccíons da arquitectura popular: patrimonio etnográfico de Galicia.* Santiago: Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, 2003.
ISBN: 84-607-7768-5.

Sistema de notas continuas:

Os números inseridos no texto, xa sexa entre paréntese, entre corchetes, ou como superíndices, refírense a notas, ordenadas segundo a súa orde de aparición no texto.

Se hai diversas citas dun mesmo recurso, daránse-lles números de nota separados.

Nunha nota que se refire a un recurso citado nunha nota anterior, ou ben se debería repetir a referencia completa ou ben dar o número da nota anterior seguido dos números de páxinas necesarios.

Cita dentro do texto:

En Galicia, Caamaño⁷ sinala tres tipos de muíños de vento...

Nota:

7. CAAMAÑO SUÁREZ, M., ref. 1, p. 383.

Como citar as palabras dunha fonte de información:

-Cando se citan as palabras exactas dun autor deben presentarse entre comiñas ou en cursiva e dentro do noso texto se é curta (menos de catro liñas).

Exemplo:

Noutros estudos xa podíamos ver como se destacaba a diferenza numérica desta tipoloxía de muíños, "O número total de muiños de maré dos que hoxe se ten coñecemento (uns 14) é moi reducido en relación cos varios miles dos hidráulicos" (1)

Na listaxe de referencias:

1. CAAMAÑO SUÁREZ, M. *As construccíons da arquitectura popular: patrimonio etnográfico de Galicia.* Santiago: Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, 2003.
ISBN: 84-607-7768-5.

-Se o texto é extenso cópiase nun parágrafo aparte, con caracteres más pequenos, sangrando o texto a ambos os dous lados e sen comiñas.

Exemplo:

Ao realizar o noso estudio sobre os muíños de marés e o seu estado de conservación podemos partir desta relación para despois ir comparando co noso traballo de campo:

O número total de muíños de maré dos que hoxe se ten coñecemento (uns 14) é moi reducido en relación cos varios miles dos hidráulicos. O seu estado é deficiente, anque nos últimos tempos foron restaurados algúns por diversas entidades públicas, con finalidades culturais todos eles, e anúnciase que, próximamente, se farán varias intervencións no de Ortigueira e tamén no de Xubia. Dos catorce rexistrados por Begoña Bas en toda a costa, cunha meirande concentración no entorno da Coruña e Ferrol, foron reconstruídos e rehabilitados o Muíño da Seca (Cambados), o Muíño das Mareas (Muros), na ría de Muros e Noia, o Muíño das Torres (Vimianzo), situado na ría de Camariñas, no último tramo onde se estreita e recibe o nome de ría do Porto, e o Muíño de Acea da Ma (Culleredo), na ría do Burgo en Culleredo-A Coruña. (1)

Na listaxe de referencias:

1. CAAMAÑO SUÁREZ, M. *As construccíons da arquitectura popular: patrimonio etnográfico de Galicia.* Santiago: Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, 2003. ISBN: 84-607-7768.

-Non se pode eliminar unha parte do texto sen sinalarse; debe indicarse sempre con puntos suspensivos entre corchetes [...]

-Se o que se reproduce é a idea dun autor (non as súas palabras literais), non se poñerán comiñas.

Cita dentro do texto:

Caamaño sinala o reducido número de muíños de marés en comparación cos hidráulicos (1), segundo o noso estudo...

Na listaxe de referencias:

1. CAAMAÑO SUÁREZ, M. *As construccíons d'a arquitectura popular: patrimonio etnográfico de Galicia.* Santiago: Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, 2003. ISBN: 84-607-7768-5.

Ordenación alfabética de referencias bibliográficas:

A listaxe ordénase alfabeticamente polo primeiro elemento (autor ou título). As referencias dun mesmo autor van por orde cronolóxica, do máis antigo ao máis recente.

Se temos obras dun mesmo autor co mesmo ano de publicación pasan a ordenarse polo título e na cita pode indicarse unha letra de orde: 2000a, 2000b...

Se varias referencias empezan por un mesmo autor, primeiro van as escritas polo autor en solitario e despois o resto.

Como se redactan as referencias bibliográficas: Norma ISO 690:2010(E)

Esta norma ISO determina a orde obligatoria dos datos que compoñen as referencias bibliográficas. Non prescribe a puntuación e o estilo tipográfico. No entanto, o estilo que se escolla debe manterse uniformemente ao longo de toda a listaxe de referencias.

- Os datos tomaranse do documento orixinal e extraeranse principalmente da portada. Os datos extraídos dunha fonte distinta ao propio documento irán entre corchetes.
 - Os nomes de persoa poden abreviarse poñendo só as iniciais.
 - Nas obras anónimas, o primeiro elemento da referencia será o título.
 - Se o autor é unha entidade indicarase o nome como aparece na fonte.
 - Para escribir o título, respectarase o criterio de uso de maiúsculas da lingua na que se dá a información.
 - Os subtítulos pódense incluír tras o título, separados por dous puntos e espazo (:)
 - Se no documento non aparece ningunha data podemos dar unha data aproximada (antepondo a abreviatura de circa: "ca.").
 - Se a publicación presenta dous ou tres autores deben incluirse todos na referencia.
- O nome do primeiro autor debe aparecer seguindo o modelo de APELIDOS, Nome. O resto de autores poden aparecer, se se deseja, en orde directa.
- Se un documento ten 4 ou máis autores pódese incluir o primeiro e a abreviaturua "et al." o "e outros".

A orde habitual dos elementos nunha referencia é o seguinte:

- Nome(s) dos creadores, **data***
- Título.
- Designación do soporte se é necesario.
- Edición
- Datos de publicación: Lugar: Editor, **data***.
- Serie.
- Numeración.
- Identificador normalizado (ISBN, ISSN...)
- Dispoñibilidade, acceso ou información relativa á localización.
- Información xeral adicional.
- Pódese engadir outra información na posición máis axeitada.

* Temos que ter en conta que se aplicamos o sistema de cita nome-data (alfabético), o elemento ano insérese despois do autor, se non vai despois da Editorial.

CAAMAÑO SUÁREZ, M., **2006**. *Las construcciones de la arquitectura popular: patrimonio etnográfico de Galicia*. A Coruña: Hércules de Ediciones. ISBN: 84-96314-33-2.

CAAMAÑO SUÁREZ, M. *Las construcciones de la arquitectura popular: patrimonio etnográfico de Galicia*. A Coruña: Hércules de Ediciones, **2006**. ISBN: 84-96314-33-2.

A continuación veremos a forma de redactar as referencias bibliográficas dalgúns tipos de documentos. A puntuación e o estilo tipográfico danse únicamente a modo de mostra. Os exemplos están redactados seguindo o modelo alfabético.

• LIBROS E RECURSOS MONOGRAFICOS:

Estes son os elementos a incluír e nesta orde:

| | |
|---|---|
| Nome do (dos) creador(es) | Obrigatorio |
| Ano | Obrigatorio sólo en el sistema nome-data |
| Título do recurso | Obrigatorio |
| [Designación do soporte] | Obrigatorio se o recurso non é impreso |
| Designación da serie cartográfica | Obrigatorio só para mapas |
| [Escala] | Obrigatorio só para mapas, planos, etc. |
| Títulos secundarios | Opcional |
| Edición | Obrigatorio se non é a primeira |
| Creador secundario | Opcional (ilustradores, compiladores,...) |
| Lugar e editor | Obrigatorio |
| Data da publicación | Obrigatorio excepto no sistema nome-data |
| Data de actualización/revisión | Obrigatorio se está dispoñible, para recursos en liña |
| [Data da cita] | Obrigatorio para recursos en liña |
| Título e número da serie | Obrigatorio se o recurso é identificado polo nome da serie |
| Identificador normalizado (ISBN, etc.) | Obrigatorio se está dispoñible |
| Disponibilidade e acceso | Obrigatorio para recursos en liña |
| Localización | Obrigatorio para recursos impresos se existe un número limitado de exemplares |
| Pódese engadir outra información na posición máis adecuada | Opcional |

Monografías:

AUTOR(es), Ano. *Título en cursiva*. Nº de edición. Creadores secundarios. Lugar: Editor. Serie. Número normalizado (ISBN).

FERNÁNDEZ CÁNOVAS, M., 2013. *Hormigón: adaptado a la Instrucción de Recepción de Cementos RC-08 y a la Instrucción de Hormigón Estructural EHE-08*. 10ª ed. Madrid: Colegio de Ingenieros de Caminos Canales y Puertos. ISBN: 978-84-380-0456-2.

Libros electrónicos e monografías en liña

AUTOR(es), Ano. *Título* [tipo de soporte (en liña, CD-ROM...)]. Edición. Creadores secundarios. Lugar: Editor [data de actualización ou revisión] [data de consulta día mes año]. Serie. Número normalizado (ISBN, DOI...). Dispoñibilidade e acceso.

SORALUCE BLOND, J.R., 2008. *Historia de la arquitectura restaurada de la Antigüedad al Renacimiento* [en liña]. A Coruña: Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións [consulta: 24 febreiro 2014]. ISBN: 9781441668141. Disponible en EBSCOHost Ebook: <http://web.a.ebscohost.com/ehost/#db=nlebk&AN=331450>

Teses de doutoramento e traballos fin de estudos non publicados (Propoñemos este modelo)

AUTOR(es), Ano. *Título en cursiva* [tipo de traballo]. Dirección. Institución académica na que se presenta, lugar (se non está incluído na institución).

PÉREZ GARCÍA, B., 2002. *Restauración y rehabilitación del pazo de Sta. María* [traballo fin de carreira inédito]. Domingo A. TASENDE DÍAZ, director. Universidade da Coruña, Escola Universitaria de Arquitectura Técnica.

Teses de doutoramento e traballos fin de estudos electrónicos (Propoñemos este modelo)

AUTOR(es), Ano. *Título* [tipo de traballo e soporte]. Dirección. Institución académica na que se presenta, lugar [data de consulta: día mes año]. Dispoñibilidade e acceso.

GÓMEZ FERNÁNDEZ, I., 2013. *Interacción de procesos BIM sobre una vivienda del movimiento moderno: la villa Saboye* [traballo fin de grao en liña]. José Antonio VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, director. Universidade da Coruña, Escola Universitaria de Arquitectura Técnica [consulta: 24 febreiro 2014]. Disponible no RUC: <http://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/10117>.

ROEL CASTRO, N., 2012. *Betanzos de los Caballeros* [traballo fin de carreira en CD-ROM]. Domingo A. TASENDE DÍAZ, director. Universidade da Coruña, Escola Universitaria de Arquitectura Técnica.

Normas

ENTIDADE RESPONSABLE DA NORMA, Ano. Nº ou código da norma. *Título*. Edición. Lugar: Editorial.

AENOR, 2008. UNE-EN-ISO 9001:2008. *Sistemas de gestión de la calidad. Requisitos*. Madrid: Aenor.

Bases de datos e programas informáticos

AUTOR(es), Ano. *Título* [tipo de soporte (CD-ROM, DVD, en liña)]. Edición. Creadores secundarios. Lugar: editor [data de actualización ou revisión] [Data de consulta (se é en liña)]. Serie. Dispoñibilidade e acceso (se é en liña).

MOZILLA FOUNDATION, 2014. *Mozilla Firefox* [software] Versión 27, 13 febreiro 2014. [consulta: 24 febreiro 2014]. Dispoñible en: <https://www.mozilla.org/es-ES/firefox/fx/>

Sitios Web

AUTOR(es), Ano. *Título* [web]. Lugar: Editor [data de consulta: día mes ano]. Dispoñibilidade e acceso.

EME DOS: *agenda de la construcción* [sitio web], 2009. Barcelona: Empresa Eme Dos [consulta: 24 febreiro 2014]. Dispoñible en: <http://www.emedos.es/>

Películas

AUTOR (se o hai), Ano. *Título* [tipo de soporte] Creadores secundarios (ex. director). Lugar: Editorial. Número normalizado.

How much does your building weigh, Mr. Foster? [película documental en DVD], 2011. Madrid: IvoryPress.

Películas en liña

AUTOR (se o hai), Ano. *Título* [tipo de soporte] Creadores secundarios. Lugar de publicación: Editorial [data de consulta: día mes ano] Dispoñibilidade e acceso.

Riesgos en alturas [video en liña], 2008. Fundación Laboral de la Construcción [consulta: 24 febreiro 2014]. Dispoñible en youtube: <http://www.youtube.com/watch?v=o0xB1v4CRY&feature=channel>

Mapas en liña

AUTOR(es), Ano. *Título* [tipo de soporte]. Designación de serie cartográfica [Escala]. Edición. Autores secundarios. Lugar: Editor [data de actualización ou revisión] [data de consulta día mes ano] Número normalizado (ISBN, DOI...). Dispoñibilidade e acceso.

A CORUÑA, AYUNTAMIENTO, 1985. *Plan Xeral de Ordenación Urbana 1985: ordenación do solo urbano* [planos en liña] [1:20000]. A Coruña: Ayuntamiento [consulta: 24 febreiro 2014]. Dispoñible na web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas: <http://www.planeamientourbanistico.xunta.es/ ... /=0&pIDProvincia=-1>

Imaxes dixitais

AUTOR (se o hai), Ano. *Título* [tipo de soporte] Creadores secundarios. Lugar de publicación: Editorial [data de consulta: día mes ano] Dispoñibilidade e acceso.

HAMIDI, M., 2011. *The Mona Lisa Room: The Louvre Museum* [imaxe dixital panorámica en liña]. Stockholm360.net [consultado 24-02-2014]. Dispoñible en: <http://www.stockholm360.net/fp.php?ide=monalisa>

- **CONTRIBUCIÓN NUN LIBRO OU RECURSO MONOGRÁFICO**

Forma parte dun recurso fonte composto por contribucións de diferentes creadores.

| | |
|--|---|
| Nome do (dos) creador(es) da contribución | Obrigatorio |
| Ano | Obrigatorio só no sistema nome-data |
| Título da contribución | Obrigatorio |
| Información adicional da contribución | Opcional |
| En: | |
| Nome do (dos) creador(es) do recurso fonte | Obrigatorio |
| Título do recurso fonte | Obrigatorio |
| [Designación do soporte] | Obrigatorio se o recurso non é impreso |
| Designación da serie cartográfica | Obrigatorio só para mapas |
| [Escala] | Obrigatorio só para mapas, planos, etc. |
| Títulos secundarios | Opcional |
| Edición | Obrigatorio se non é o primeira |
| Creador secundario do recurso fonte | Opcional |
| Lugar e editor | Obrigatorio |
| Data de publicación | Obrigatorio excepto no sistema nome-data |
| Numeración (do volume, etc. que contén a contribución) | Obrigatorio |
| Rango de páxinas (da contribución) | Obrigatorio |
| Data de actualización/revisión | Obrigatorio se está dispoñible, para recursos en liña |
| [Data da cita] | Obrigatorio para recursos en liña |
| Título e número da serie | Obrigatorio se o recurso é identificado polo nome da serie |
| Identificador normalizado (ISBN, etc.) | Obrigatorio se está dispoñible |
| Disponibilidade e acceso | Obrigatorio para recursos en liña |
| Localización | Obrigatorio para recursos impresos se existe un número limitado de exemplares |
| Pódese engadir outra información na posición más axeitada | Opcional |

Contribución en monografías, entradas de obras de referencia e relatorios de congresos

AUTOR(es) do capítulo, Ano. Título do capítulo. **En:** AUTOR(es). *Título en cursiva da obra que contén o capítulo.* Edición. Creador secundario do recurso fonte. Lugar: Editor, numeración (do volume, etc.), rango de páxinas do capítulo. Serie. Número normalizado (ISBN).

JIMÉNEZ JIMÉNEZ, M., 2013. Corredores verdes y corredores ecológicos en la planificación espacial: historias y encuentros. En: SANTOS Y GANGES, Luis y HERRERA CALVO, Pedro M^a, coord. *Planificación espacial y conectividad ecológica: los corredores ecológicos*. Valladolid: Instituto Universitario de Urbanística de la Universidad de Valladolid, pp. 71-111. ISBN: 978-84-8448-736-4.

Contribucións de libros electrónicos e monografías en liña

AUTOR(es), Ano. Título do capítulo. En: Nome APELIDO(S). *Título en cursiva da obra que contén o capítulo* [tipo de soporte]. Edición. Creador secundario do recurso fonte. Lugar: Editor, numeración (do volume, etc.), rango de páxinas do capítulo [data de actualización ou revisión] [data de consulta: día mes ano]. Serie. Número internacional normalizado (ISBN,...) Dispoñibilidade e acceso.

ARIAS MADERO, J., 2013. La estrategia del tapial en la arquitectura religiosa de Tierra de Campos. En: JOVÉ SANDOVAL, F. y SÁINZ GUERRA, J.L., coord. *Construcción con tierra, pasado, presente y futuro: Congresos de Arquitectura en Tierra en Cuenca de Campos 2012* [en liña]. Valladolid: Cátedra Juan de Villanueva, pp. 53-60 [consulta: 24 febreiro 2014]. Dispoñible en: <http://www5.uva.es/grupoterra/publicaciones/digital/libro2013/04tr-arias.pdf>

Artigos da Wikipedia

Colaboradores de Wikipedia, Ano. Título. En: *Wikipedia: a enciclopedia libre* [tipo de soporte] data de actualización [data de consulta: día mes ano]. Dispoñibilidade e acceso.

Colaboradores de Wikipedia, 2007. Modelado de información de construcción. En: *Wikipedia, la enciclopedia libre* [en liña] actualización 7 abril de 2016 [consulta: 12 de maio de 2016]. Dispoñible en: https://es.wikipedia.org/w/index.php?title=Modelado_de_informaci%C3%B3n_de_construcci%C3%B3n&oldid=90324493

• PUBLICACIÓN SERIADA COMPLETA OU UN NÚMERO COMPLETO

| | |
|---|---|
| Título da publicación seriada [Designación do soporte] | Obrigatorio Obrigatorio se o recurso non é impreso |
| Ano | Obrigatorio só no sistema nome-data |
| Títulos secundarios | Opcional |
| Edición | Obrigatorio se existe edición |
| Lugar e editor | Obrigatorio |
| Data de publicación | Obrigatorio excepto no sistema nome-data |
| Numeración | Obrigatorio se non se trata dunha cita da publicación seriada completa |
| [Data da cita] | Obrigatorio para recursos en liña |
| Identificador normalizado (ISSN) | Obrigatorio se está dispoñible |
| Dispoñibilidade e acceso | Obrigatorio para recursos en liña |
| Localización | Obrigatorio para recursos impresos se existe un número limitado de exemplares |
| Pódese engadir outra información na posición más axeitada | Opcional |

Publicaciones seriadas enteiras impresas.

Título, Anos de publicación. Edición. Lugar: editor. Numeración. ISSN.

Detail: revista de arquitectura y detalles constructivos, 2001-2012. Bilbao: Elsevier Información Profesional. ISSN: 1578-5769.

Publicaciones seriadas electrónicas completas

Título [tipo de soporte], Anos de publicación. Edición. Lugar: editor. Numeración [data de consulta]. Número normalizado (ISSN...). Dispoñibilidade e acceso.

Materiales de construcción [en liña], 1974-. Madrid: Instituto de Ciencias de la Construcción Eduardo Torroja [Consulta: 24 febreiro 2014]. ISSN: 1988-3226. Disponible en: <http://materconstrucc.revistas.csic.es/index.php/materconstrucc/issue/arquive>

• CONTRIBUCIÓN NUNHA PUBLICACIÓN SERIADA

| | |
|---|---|
| Nome do (dos) creador(es) da contribución | Obrigatorio |
| Ano | Obrigatorio só no sistema nome-data |
| Título da contribución | Obrigatorio |
| Información adicional da contribución | Opcional |
| Título da publicación seriada fonte [Designación do soporte] | Obrigatorio se o recurso non é impreso |
| Títulos secundarios | Opcional |
| Edición | Obrigatorio se existe edición |
| Lugar e editor | Obrigatorio |
| Data de publicación | Obrigatorio excepto no sistema nome-data |
| Numeración (do volume, etc. que contén a contribución) | Obrigatorio |
| Rango de páxinas (da contribución) | Obrigatorio |
| Data da cita | Obrigatorio para recursos en liña |
| Identificador normalizado (ISSN, DOI etc.) | Obrigatorio se está dispoñible |
| Dispoñibilidade e acceso | Obrigatorio para recursos en liña |
| Localización | Obrigatorio para recursos impresos se existe un número limitado de exemplares |
| Pódese engadir outra información na posición más axeitada | Opcional |

Artigos de revistas ou publicación seriada impresa

AUTOR(es), Ano. Título do artigo. *Título da revista en cursiva*. Edición. Lugar: Editor. Numeración (ano, vol. nº), rango páxinas do artigo. Número normalizado (ISSN).

PONS VALLADARES, O., 2010. Evolución de las tecnologías de prefabricación aplicadas a la arquitectura escolar. *Informes de la construcción*. Madrid: Instituto de Ciencias de la Construcción Eduardo Torroja. Vol. 62, non. 520, pp. 15-26. ISSN 0020-0883.

Artigos de revistas electrónicas

AUTOR(es), Ano. Título do artigo. *Título da revista en cursiva* [tipo de soporte]. Lugar: editor. Numeración (ano, vol., nº), rango de páxinas do artigo [data de consulta: día mes ano]. Identificador normalizado (ISSN, DOI...). Dispoñibilidade e acceso.

PIEDECAUSA GARCÍA, B., 2013. Medidas de radón en espacios de trabajo subterráneos del campus de la Universidad de Alicante. *Informes de la construcción* [en liña]. Madrid: Instituto de Ciencias de la Construcción Eduardo Torroja. Vol. 65, no. 531, pp. 301-310 [2014]. ISSN: 1988-3234. Disponible en:
<http://informesdelaconstruccion.revistas.csic.es/index.php/informesdelaconstruccion/article/download/2909/3215>.

Lexislación (Propoñemos este modelo)

ENTIDADE RESPONSABLE (País, Comunidade Autónoma, Concello...), Ano. Título. *Publicación*, data, número, páxinas.

GALICIA, 2012. Ley 8/2012, de 29 de junio, de vivienda de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 24 de julio de 2012, nº 141, p. 29527-29609.

Patentes

SOLICITANTE, Ano. *Título da patente*. Responsabilidade subordinada (inventor...). Información adicional (clasificación, data de solicitud). Nome ou código do país. Designación oficial da serie na que vai numerada e numeración. Data (ano-mes-día) de publicación.

TEAIS SA, 2008. *Insulating-coating panel for protecting walls, facades and facings from hair-like moisture* comprises insulating plates being made of polymeric material and having surface that is evenly perforated with holes or orifices. Inventor: Ernesto ANTELO PENSADO. Patente de la Oficina Internacional de la Organización Mundial de la Propiedad Intelectual (OMPI) WO2008037830-A1, WOES000544. 2008-04-03.

Se non queda claro na referencia, deberíase mencionar que o recurso é unha patente.

• MENSAXES ELECTRÓNICAS, LISTAXES DE DISCUSIÓN, FOROS:

| | |
|--|--|
| Nome do (dos) creador(es) da mensaxe | Obrigatoria en referencias a unha mensaxe concreta |
| Ano | Obrigatorio só no sistema nome-data |
| Título da mensaxe | Obrigatoria, normalmente a liña de tema da mensaxe úsase como título |
| Título do sistema de mensaxería fonte [Designación do soporte] | Obrigatorio se se aplica |
| Data de envío da mensaxe | Obrigatoria, incluído o ano, o mes e o día. |
| Hora de envío da mensaxe | Opcional |
| Disponibilidade e acceso | Obrigatorio |
| Pódese engadir outra información na posición más adecuada | Opcional |

Foros de discusión, Boletíns de noticias

CREADOR, Ano de publicación. *Título do sistema de mensaxería* [tipo de soporte] [data de consulta: día mes año]. Disponibilidade e acceso.

GÓMEZ, M., 2006. *Foros Konstruir.com: información, opiniones y debate sobre construcción* [foro de discusión] [consulta: 24 febreiro 2014]. Disponible en:
<http://www.konstruir.com/foro/index.html>

Correos electrónicos específicos distribuídos por boletíns de noticias, foros ou listaxes

CREADOR, Ano. Título da mensaxe. En: *Título do sistema de mensaxería fonte* [tipo de soporte]. Data de envío da mensaxe, hora (ou numeración) [data de consulta: día mes ano] Dispoñibilidade e acceso.

Regla para hacer los solapos, 2010. En: Gómez, M. *Foros Konstruir.com: Cálculos de despieces de ferralla* [en liña]. 06 Outubro 2010, nº 4 [consulta: 24 febreiro 2014]. Dispoñible en: <http://www.konstruir.com/foro/tema-8/mensaje-46/regla%20para%20hacer%20los%20solapos.html>

Correos electrónicos persoais

CREADOR, Ano. *Título da mensaxe* [tipo de soporte]. Data de envío da mensaxe.

AENOR COMUNICACIÓN, 2014. *Revista AENOR ayúdenos a mejorar* [mensaxe electrónica]. 14 febreiro 2014.

Tweets (Propoñemos este modelo)

APELIDOS, Nome do autor (nome de usuario de Twitter), Ano. *Texto completo do tweet* [tweet] Data, hora da mensaxe. Recuperado de <http://twiter.com/...>

RENDON A., Pablo (@pRendonArizaga), 2014. *Arquitectura Arkinetia – Revistas de arquitectura y diseño – Experimenta 55 – Espacios públicos virtuales Arkinetia.com* [tweet] 11 marzo 2014, 11:16 pm. Recuperado de https://mobile.twiter.com/pRendonArizaga/statuses/443510692050518017?screen_name=pRendonArizaga

Como redactar referencias de partes:

- **PARTES CON ENTIDADE:**

As partes con entidade se referencian como contribucións:

CONTRIBUCIÓNSEN SERIADAS:

Artigos de revistas

Os artigos de revistas que seguen o modelo de contribución nunha publicación seriada:

AUTOR(es), Ano. **Título do artigo.** *Título da revista en cursiva* [tipo de soporte]. Lugar: editor. Numeración (ano, vol., nº), rango de páxinas [data de consulta: día mes ano]. Identificador normalizado (ISSN, DOI...). Dispoñibilidade e acceso.

MARTÍN, R., 2010. El reposicionamiento estratégico de las constructoras españolas. *Informes de la construcción* [en liña]. Madrid: Instituto Eduardo Torroja. Vol. 62, nº. 520, pp. 67-84 [consulta: 5 febreiro 2015] ISSN: 1988-3234. Disponible en Dialnet: <http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3395113>

CONTRIBUCIÓNSEN MONOGRAFÍAS:

As partes con **entidade propia e/ou autoría diferenciada** seguen o modelo de relación entre documentos-parte e documentos-fonte usado para capítulos de libro ou congresos, contribución en monografías:

AUTOR(es) da parte, Ano. **Título da parte.** En: AUTOR(es) da obra fonte. *Título da obra fonte* [tipo de soporte (CD-ROM, DVD, en liña)] Edición. Creadores secundarios. Lugar: Editor. Numeración (vol., etc.), rango de páxinas. Data de actualización ou revisión [data de consulta: día mes ano (se é en liña)]. Serie. Identificador normalizado (ISBN, DOI...). Dispoñibilidade e acceso (se é en liña).

Relatorios de Congresos, Capítulos asinados en obras colectivas:

RODRÍGUEZ PARADA, Ana Isabel, 2010. Las reformas del mercado hipotecario y su impacto en la crisis económica. En: BUSTO LAGO, José Manuel, editor. *El consumidor ante la crisis económica: actas de la reunión científica celebrada en la Facultad de Derecho de la Universidad de A Coruña, 12-13 de noviembre de 2009.* A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 101-142. ISBN 978-84-9749-411-3.

Artigo ou parte dun sitio web:

ARTURO K., 2014. El modelo de las cinco fuerzas de Porter. En: *Crecen negocios* [sitio web]. [S.I.]: [s.n.], 2015 [consulta: 16 marzo 2015]. Disponible en: <http://www.crecenegocios.com/el-modelo-de-las-cinco-fuerzas-de-porter/>

Entradas con autoría diferenciada en Obras de Referencia, Dicionarios...

TRETAU, A.; RIMPEL, E. 2011. Construction Ceramics. En: *Ullmann's Encyclopedia of Industrial Chemistry* [en liña]. Weinheim: Wiley. [consulta: 4 de xuño 2013]. Disponible en DOI: 10.1002/14356007.a07_425.pub2

Colaboradores de Wikipedia, 2007. Modelado de información de construcción. En: *Wikipedia, la encyclopédie libre* [en liña] actualización 7 abril de 2016 [consulta: 12 de maio de 2016]. Disponible en:
https://es.wikipedia.org/w/index.php?title=Modelado_de_informaci%C3%B3n_de_construcci%C3%B3n&oldid=90324493

REAL ACADEMIA ESPAÑOLA, 2012. Terremoto. En: *Diccionario de la lengua española* [en liña] 22ª ed. Madrid: RAE. [consulta: 5 maio 2016] Disponible en:
<http://lema.rae.es/drae/?val=terremoto>

- **PARTES SEN ENTIDADE:** (Proposta)

Se referiancian dependendo do documento principal.

CANDO ESTRUTURAN O TEXTO CON CERTA INDEPENDENCIA:

Volumes, capítulos de libros de autor único...

AUTOR(es), Ano. *Título da obra fonte* [tipo de soporte]. Edición. Creadores secundarios. **Numeración, título da parte e localización.** Lugar: editor. Data de actualización ou revisión [Data de consulta]. Serie. Identificador normalizado. Disponibilidade e acceso.

CERVERA RUIZ, Miguel y BLANCO DÍAZ, Elena, 1999. *Fundamentos de resistencia de materiales y cálculo de estructuras*. Cap. 5, Flexión compuesta, pp. 5.1-5.22. Barcelona: UPC. ISBN: 84-8301-322-3.

PARTES INTEGRADAS E INSEPARABLES DO DOCUMENTO FONTE:

As partes de documentos (dixitais ou non) que **non teñen entidade propia**, que completan o texto, integradas e inseparables do texto, Como entradas dun dicionario ou enciclopedia dixital sen autoría diferenciada, páxinas dun sitio web, subficheiros ou rexistros dunha base de datos, imaxes, táboas etc., se referiancian dependendo do documento principal:

AUTOR(es), Ano. *Título da obra fonte* [tipo de soporte]. Edición. Creadores secundarios. Lugar: editor. Data de actualización ou revisión. **Título da parte e localización.** [Data de consulta]. Serie. Identificador normalizado. Disponibilidade e acceso.

Imaxes, subficheiros, táboas, gráficos...

SABI: *Sistema de Análisis de Balances Ibéricos* [base de datos en liña], 2015. [Madrid]: Informa D&B y Bureau Van Dijk. Informe empresa "Urbana de exteriores". [consulta: 5 febreiro 2015] Disponible mediante licenza en: <http://sabi.bvdep.com/ip///>

Entradas sen autoría diferenciada en Obras de Referencia, Dicionarios ...

Fairplay World Shipping Encyclopaedia [base de datos DVD]. [2012]. Blacknell, Reino Unido: IHS Fairplay. Ships Directory, "Bella Aurora". [Consulta: 10 xuño 2013].

Como citar imaxes, figuras, táboas:

Ao pé da imaxe poñemos o título da figura e a súa numeración no noso texto; e a cita da fonte.

Se usamos o método alfabético, entre paréntese, na seguinte orde:

- Apelidos autor, ano.
- Se a imaxe fose anónima poñemos: título, ano
- Se non tivese data poñemos: *s.d.* o *sen data*.
- A URL da web (optativa). Equivale á páxina nas fontes en papel.



Fig. 2. Cadro EFQM (Guía de la calidad, 2016, <http://www.guiadelacalidad.com/modelo-efqm/modelo-efqm>)

A referencia bibliográfica redactámola como indicamos nas partes sen entidade diferenciada integradas e inseparables do documento fonte:

Se a obra fonte ou a parte non teñen título dámoslle un descriptivo entre corchetes [].

AUTOR(es), Ano. *Título* [web]. Edición. Creadores secundarios. Lugar: editor [data de actualización ou revisión]. *Título da parte e localización*. [Data de consulta]. Dispoñibilidade e acceso (se é en liña).

Guía de la calidad [sitio web], 2016. Mendiola, Álava: EFQM. [Figura Modelo EFQM] [Consulta: 16 marzo 2015]. Disponible en: <http://www.guiadelacalidad.com/modelo-efqm/modelo-efqm>